



BOLETÍN INFORMATIVO

DECEMBRO 2012

ENTREGA DE DIPLOMAS EN LUGO

XORNADAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

CELEBRACIÓN IV CONGRESO DE AUTÓNOMOS



1. ENTREGA DE DIPLOMAS EN LUGO

O pasado 13 de Setembro, ás 20:00 horas, celebrouse na sede de APREVAR, Lugo, a entrega de Diplomas do **Plan Formativo PF 2011/000227** do Plan Intersectorial de Autónomos APE Galicia, impartidos neste caso en colaboración con dita Asociación.

Os cursos desenvolto neste caso foron de Automecánica Nivel Medio e Reciclaxe de Office Avanzado, e foi Dna. Ana María Díaz, Directora Xeral de Formación e Colocación, a encargada de facer entrega dos Diplomas.

Neste evento tivemos o placer de contar coa colaboración de D. Manuel Núñez Veiga (Tesoureiro de APREVAR), D. José Ramón Caldas (Presidente de APE), Dna. Ana M^a Díaz (Directora xeral de Formación e Colocación), D. Luís Abelleira Mayor (Presidente de APREVAR), Dna Lucía Pedroso (Vogal Portavoz de APE Galicia), e D. Luís Montouto Illan, (Secretario de APREVAR)



1. XORNADAS PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Os pasados meses de Setembro e Outubro leváronse a cabo una serie de xornadas sobre a temática de Prevención de Riscos Laborais.

A primeira das Xornadas fíxose en **Ourense o Xoves 20 de Setembro de 2012**, a temática da xornada foi sobre a Prevención de Riscos Laborais no Sector da Hostalería, pola relatora Dna. Liliana Ugarte. Temario: ESTABLECIMIENTOS DE RESTAURACIÓN, PROFESIONALES Y ORGANIGRAMAS, DEFINICIÓN DE RIESGO LABORAL, CAUSAS: CAÍDAS, GOLPES, CORTES, QUEMADOS, BIOLÓGICOS.

A segunda das Xornadas fíxose en **Pontevedra o 27 de Setembro de 2012**, a temática da xornada foi sobre a Prevención de Riscos Laborais en Xeral, polo ponente D. Pablo Fernández. Temario: CONCEPTOS BÁSICOS DE SEGURIDAD Y SALUD EN EL TRABAJO.



D. José Ramón Caldas, Presidente APE Galicia.

D. Pablo Fernández, docente Xornada Prevención Riscos Laborais.

XORNADA EN A CORUÑA

A última das Xornadas celebrouse en **A Coruña o 18 de Outubro de 2012**, a temática da xornada foi sobre a Prevención de Riscos Laborais no Sector da Hostalería, pola relatora Dna. Beatriz Collazo. Temario: ESTABLECIMIENTOS DE RESTAURACIÓN, PROFESIONALES Y ORGANIGRAMAS, DEFINICIÓN DE RIESGO LABORAL, CAUSAS: CAÍDAS, GOLPES, CORTES, QUEMADOS, BIOLÓGICOS

Estas Xornadas realizáronse en colaboración coas Asociacións de Empresarios de Hostalería de A Coruña, a Federación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Ourense, e coa Asociación de Xoves Empresarios de Pontevedra (AJE Pontevedra), así como coas Direccións Xerais de Relacións Laborais, Formación e Colocación da Xunta de Galicia.



D. Hector Cañete, Presidente de Asociación de Hostelería de A Coruña

D. José Ramón Caldas Martínez, Presidente de APE Galicia.

Dna. Beatriz Collazo, docente na Xornada de Prevención de Riscos Laborais Sector Hostelería.